

XVII ANDAINA OUTONO O BARCO DE VALDEORRAS 2023
“I Liga Xunta de Galicia de sendeirismo da Federación Galega de Montañismo”
“Liga Ibérica de senderismo da Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada”
Domingo 12 Novembro a partir das 09:00h.

REGULAMENTO XERAL

O Club Peña Trevinca O Barco e O Concello do Barco de Valdeorras, en colaboración coa Federación Galega de Montañismo, a Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada e a Secretaría Xeral para O Deporte da Xunta de Galicia, organizan a XVII Andaina Outono do Barco de Valdeorras o vindeiro domingo 12 Novembro 2023 a partir das 09:00 no Malecón do Barco de Valdeorras. Esta andaina é una proba oficial da Federación Galega de Montañismo (en diante FGM) e está integrada dentro da I Liga Xunta de Galicia de sendeirismo e da Liga Ibérica de sendeirismo da Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada (en diante FEDME) que se desenvolverán ao longo do ano 2023.

NORMATIVA XERAL

A XVII Andaina Outono do Barco de Valdeorras, rexerese polas actuais regulamentacións de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE no 306 de decembro de 2003, sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

A proba estará suscrita ao seguro de responsabilidade civil do CLUB PEÑA TREVINCA BARCO y de la FGM. Tamén contará con un seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199 e que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da mesma. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o memo.

A pesares destas coberturas é recomendable que as persoas que van a participar dispoñan de licenza federativa da FGM ou posúan un seguro para o suposto de calquera accidente ao longo do percorrido. Os/as menores de 18 anos deberán vir acompañados dunha persoa maior de idade e traer una autorización do pai, nai ou titor legal do mesmo.

A Organización nos se fará responsable dos accidentes ou danos que poidan ocorrerlles aos participantes, pero tratará por tódolos medios de evitados.

Así mesmo a andaina contará cun servizo médico, servizo de Cruz Vermella e servizo de Protección Civil, que constará dunha ambulancia e un médico na zona de saída/meta. Os servizos médicos e os membros da organización estarán facultados para retirar da proba a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización. Non está permitido o acompañamento de ningún vehículo alieo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na mesma que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

Sempre que situación sanitaria o permita, haberá vestiarios o duchas en O Pavillon Municipal del Barco.

PARTICIPANTES

Nesta proba poderán participar persoas tanto federadas como non federadas que deberán completar a proba andando, nunca trotando ou correndo.

As persoas participates deberán camiñar sempre respectando os camiños sinalizados pola organización, aqueles/as que circulen fora do espazo sinalizado consideranse a tódolos efectos usuarios/as normais da vía.

Toda persona que intente realizar a proba sen estar correctamente inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar dos avituallamentos, obsequios ou servizos que ofrece a proba. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

Os/as participantes na XVII Andaina Outono do Barco de Valdeorras estarán rexidos pola conducta "fair play" e comprométese a levar durante a realización da mesma un comportamento leal e sincero ademais de correcto no deporte, en especial fraterno cara os/as participantes, e respetuoso coa organización e correcto cos/as asistentes.

Os/as participantes poderán ser expulsados/as da proba por calquera dos seguintes motivos:

- Manipular ou modificar o dorsal entregado pola organización.
- Non pasar polos controis da proba establecidos.
- Non realizar o percorrido da proba completo de xeito predeterminado e malicioso.
- Non atender as indicacións dos membros da organización.
- Pretender participar na andaina sen terse inscrito previamente.
- Cometer conductas que a xuízo da organización poidan ser consideradas como antideportivas.
- Realiza a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Manter una actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente contra o espírito deportivo.

CIRCUÍTO, CONTROIS E AVITUALLAMENTOS

A recollida de dorsais poderá realizarse nos seguintes días e horarios:

- Sábado 11 Novembro desde as 17:00 ata as 20:00h, no Parque do Malecón.
- Domingo 12 Novembro, desde as 07:30 as 08:30, no Parque do Malecón.

Teremos 2 percorridos:

- 25 km.
- 15 km

A Saída realizarase de maneira conxunta ás 09:00h do Parque do Malecón. La concentración tendrá lugar desde as 08:30h. A partir das 09:10h, e una vez que sala a persoa designada pola organización para cerrar a proba, non poderá tomar a saída ningunha persoa participante.

Os circuitos estarán convenientemente sinalizados polo que non se contempla ningunha posibilidade de perda.

Ao longo do percorrido haberá avituallamentos sólidos e líquidos, co cal os participantes no terán que cargar en ningún momento con comida durante a proba. Informarase convenientemente dos puntos quilométricos onde estarán situados.

Os avituallamientos serán xenéricos a base de agua, bebida isotónicas, froitas, barriñas enerxéticas, bocadillos, etc.

Para a bebida é necesario levar vasos ou envases, xa que non se entregarán botellas.

Se alguna persoa ten intolerancias, alexias, ou algún outro tipo de necesidades alimenticias deberá traer o seu propio avituallamento.

Durante o percorrido haberá una serie de controis polos que os/as participantes deberán pasar obrigatoriramente. Estes controis serán segredos e poderán situarse en calquera punto do percorrido.

INSCRICIÓN E PREZOS

As inscricións realizaranse a través da páxina web www.clubtrevincabarco.org dende o 15 Agosto ata o 4 Novembro de 2023. No se admitiran inscrición fora do prazo establecido.

O límite de inscritos está fixado en 600. No se admitirán máis inscritos pasado el 4 de Novembro o una vez chegado o límite de 600. Farase lista de espera.

Prazos para o pagamento e inscrición:

- Desde 15 Agosto a 4 novembro: 10€ no socios de Trevinca Barco. 8€ socios de Trevinca Barco.
- Máis 3€ no caso de non estar federado

Neste prezo inclúense:

- Bolsa de agasallos conmemorativos da proba (o seu contido será anunciado con suficiente antelación).
- Avituallamentos sólidos e líquidos.
- Servizos de, médico, ambulancia, seguro de accidentes, recollida en caso de accidentes ou lesión, aparcamento de balde, etc.
- Diploma con km realizados e tempo invertido.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se exponen:

- ✓ Os/as participantes inscritos/as comprométese a aceptar estrictamente o presente regulamento e calquera posible modificación.
- ✓ O/a participante inscrito/a declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- ✓ Calquera persoa con problemas médicos (alerxia, atención especiais,..) deberá facelo constar no reverso do dorsal de proba.
- ✓ O/a participantes inscrito/a autoriza e acepta a publicación do seu nome e apellidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación, internet, (...) coa única finalidade de promocionar esta proba e sempre de acordó co Regulamento Europeo de Protección de Datos.
- ✓ As persoas non inscritas correctamente e que tomen parte na proba a modo particular, sen ser autorizadas pola organización, non estarán amparadas polos seguros da proba.
- ✓ Todos/as participantes, polo mero feito de realizar a inscrición e tomar a saída na andaina, aceptan todas e cada una das regras do presente regulamento e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordó ao que dispoña o personal da organización e seguindo as normas da FGM e da FEDME en vigor.

CANCELACIÓN E /OU MODIFICACIÓN

Os/as participantes que, estando correctamente inscritos/as, finalmente non poidan participar na andaina poderán optar á devolución da cota de inscrición con amaño ás seguintes indicacións:

- Ata 15 Outubro, devolución do 50% do prezo da inscrición.
- A partir do 16 do Outubro as baixas producidas non conlevarán ningún tipo de devolución.

A organización da proba reservase o dereito a modificar o presente regulamento, os horarios e percorridos, se así o estima oportuno, por razón climatolóxicas, de seguridade o sanitarias.

Nos casos de forza maior, alerta meteorolóxica laranxa ou cando non sexa posible a realización da mesma por motivos de esixencia da situación sanitaria, a proba será aprazada automaticamente procedendo a avisas os/as participantes coa máxima antelación e dilixencia posible a través da páxina web, correos electrónicos e redes sociais da andaina. Buscarase una data adecuada para realizala e non devolverase a cota de inscrición.

So no caso de suspensión definitiva da proba se procederá á devolución do 100% da cota de inscrición.

OBSERVACIÓN FINAL.

Dado o espírito deportivo e popular desta andaina, non se admitirán reclamacións.

ESTA NADAINA NON É COMPETITIVA, O RETO CONSISTE EN PARTICIPAR E PROCURAR TERMINA A PROBA.